



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 02/12/2025, aprobou o orzamento xeral do Concello de Baralla para o exercicio 2026. No Boletín Oficial da Provincia núm. 282 do 10/12/2025, foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións, sen que se presentara ningunha, polo que, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se publica resumido por capítulos, así como o cadro de persoal:

CAPÍTULO	GASTOS		CAPÍTULO	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	1.084.468,68	1	Impostos directos	664.500 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	958.051,45	2	Impostos indirectos	28.000 €
3	Gastos financeiros	22.800	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	235.500 €
4	Transferencias correntes	74.560	4	Transferencias correntes	1.396.183,68 €
5	Fondo de continxencia	0,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00 €
6	Investimentos reais	378.455,15	6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	194.151,60 €
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	2.518.335,28 €		TOTAL	2.518.335,28 €	

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE BARALLA 2026

a) Funcionarios:

POSTO DE TRABALLO	NÚMERO	CORPO E ESCALA	GRUPO	NIVEL	XORNADA	SITUACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	01.1	Administración local con habilitación de carácter nacional	A1	28	100 %	Vacante
ADMINISTRATIVO	01.2	Administración xeral	C1	22	100 %	Ocupada
ADMINISTRATIVO	01.3	Administración xeral	C1	22	100 %	Ocupada
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	01.4	Administración xeral	C2	18	100 %	Ocupada

ALGUACIL-PORTEIRO	01.5	Administración xeral	E	14	100 %	Ocupada
ALGUACIL-PORTEIRO	01.6	Administración xeral	E	14	100 %	Vacante dotada orzamentariamente
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	02.1	Administración xeral	C2	16	75 %	Ocupada

b) Persoal laboral fixo:

POSTO DE TRABAJO	Nº DE POSTOS	NÚMERO	SERVIZO	SITUACIÓN
TÉCNICO DE ATENCIÓN Á INFANCIA	1	02.2	PAI	Vacante ocupada interinamente
PERSOAL DE APOIO PAI	1	02.3	PAI	Vacante ocupada interinamente
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	03.1	Emprego	Ocupada definitivamente
OFICIAL 1ª SERVICIOS MÚLTIPLES	1	04.1	Vías e obras	Ocupada definitivamente
PEÓN LIMPIEZA VIARIA	1	04.2	Vías e obras	Ocupada definitivamente
TRABALLADOR SOCIAL	1	05.1	Servizos sociais	Ocupada definitivamente
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	12	05.2-05.13	Servizos sociais	Ocupada definitivamente

c) Persoal temporal:

POSTO DE TRABAJO	Nº DE POSTOS	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	10	Servizos sociais	Vacantes ocupadas interinamente e persoal laboral temporal para substitucións
TRABALLADOR SOCIAL	1	Servizos sociais	Funcionario interino por programas
PEÓN FORESTAL APROL RURAL	Variable en función das subvencións recibidas		
SOCORRISTA			
BRIGADAS DE INCENDIOS			
PEÓN DE OBRA PÚBLICA			

Baralla, 8 de xaneiro de 2026.- O alcalde-presidente, Miguel González Piñeiro.

R. 0047

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE CATRO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL FIXO.

O 30 de decembro de 2025, por acordo da Xunta de Goberno Local aprobanse as bases para a selección, mediante concurso-oposición, quenda libre, de catro prazas de persoal laboral fixo, como Auxiliar de Axuda no Fogar, unha delas incluída dentro da OEP 2022 e tres incluídas na OEP 2025.

A continuación publícanse íntegramente as bases en cumprimento do disposto no artigo 97 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local:

“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE CATRO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (OEP 2022 E OEP 2025).

1º.- OBXECTO

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación do proceso de selección mediante concurso-oposición, quenda libre, de CATRO auxiliares de axuda no fogar, como persoal laboral fixo.

A contratación destes postos ven determinada pola inclusión dunha das prazas na OEP do ano 2022 e das outras tres prazas vacantes na OEP do ano 2025.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

- a) Denominación das prazas: Auxiliar de Axuda no Fogar.
- b) Grupo de titulación: Asimilado a grupo E/Grupo de cotización 10.
- c) Outras características:
 - Xornada completa de 37,5 horas semanais. Horario de traballo de luns a domingo (turnos rotatorios de fin de semana e festivos), en horario de mañás ou tardes ou horario partido, segundo corresponda.
 - Soldo bruto mensual en 14 pagas: SMI, mais os complementos que lle puideran corresponder segundo as retribucións complementarias aplicables a este servizo.
 - Paganse os desprazamentos dentro da xornada de traballo xa que se teñen que facer con vehículo propio, a razón de 0,26 €/km.
- d) As funcións do posto de traballo serán as asignadas en cada caso pola Traballadora Social en cada un dos domicilios que lle correspondan (limpeza fogar, preparación de comida, aseo persoal usuarios, mobilización usuarios, acompañamento, ...)

3º.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

4.1.- Ter nacionalidade española sen prexuízo do establecido no artigo 57 EBEP.

4.2.- Posuir capacidade funcional.

4.3.- Ten cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de jubilación forzosa.

4.4.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial, para o acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.

4.5.- Posuir algunha das seguintes titulacións no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente
- certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio
- técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería)
- técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente
- técnico de atención sociosanitaria
- técnico superior en Integración social
- certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

4.6.- Contar con permiso de conducir e vehículo propio ou dispoñible para desprazamentos.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo que figura como anexo desta convocatoria, e poderán solicitarse nas propias oficinas do concello (Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros, Lugo 982124002) ou a través da páxina web municipal www.concellodebarreiros.gal

As instancias poderán presentarse no prazo de **15 días hábiles** contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial do Estado (BOE)**. Poderanse presentar presencialmente no Rexistro do Concello, a través da sede electrónica municipal

(<https://barreiros.sedelectronica.es>) ou a través de correo certificado, sempre e cando se remita de forma simultánea por correo electrónico a (secretaria@concellodebarreiros.gal) o xustificante de correos.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea e do carnet de conducir.
- b) Copia da titulación esixida.
- c) Deberán xuntárselle á instancia copia da documentación que acredite os méritos que a persoa aspirante desexa que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes. **IMPORTANTE: non se terá en conta, a efectos de méritos, ningunha documentación que non fose aportada durante o prazo de presentación de instancias.**

6º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes, pola que se declarará aprobada a lista provisional de admisións e exclusións.

A dita resolución publicaráse no taboleiro de anuncios da casa do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal. Na publicación farase constar, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

As persoas excluídas ou omitidas nas ditas relacións disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión nas relacións correspondentes. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións a lista provisional, elevarase a definitiva.

A Resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora do comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinantes dos prazos a efectos de posibles impugnacións e recursos.

7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará composto por cinco persoas, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, unha das cales ostentará a presidencia e outra a secretaría do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicaráse conxuntamente coa lista definitiva de admisións e exclusións e a fixación da data do primeiro exercicio.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalas conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres integrantes, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requirese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou das persoas que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer de asesoramento especializado para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. As persoas asesoras actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de precepción de asistencias polas persoas concurrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus integrantes presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

8º.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admisións e exclusións.

De conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do proceso selectivo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal e na páxina web municipal, sen prexuízo de que, se o tribunal así o acorda, se podan realizar dúas ou máis probas no mesmo día.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio previstas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal.

O tribunal poderá acordar dialogar coas persoas aspirantes unha vez realizados os exercicios, co fin de determinar de forma máis detallada os seus coñecementos sobre o contido dos mesmos.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase un acta polo/a secretario/a do mesmo, na que se farán constar as cualificacións das persoas aspirantes así como as incidencias que se produzan.

9º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

1.- FASE DE OPOSICIÓN.

A fase de oposición constará de unha ou varias probas teórico-prácticas relacionadas coas materias incluídas no temario. Realizaranse a cada aspirante de forma individual.

Este exercicio, obrigatorio e excluínte, valorarase cun máximo de 60 puntos, sendo necesario contar cunha puntuación mínima de 30 puntos para consideralo superado.

2.- FASE DE CONCURSO

Unicamente se valorará a aquelas persoas que superasen a fase de oposición. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polas persoas aspirantes nos documentos achegados durante o prazo de presentación de instancias.

Os méritos das persoas aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes.

A puntuación máxima que se poderá obter é de 40 puntos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente no prazo de presentación de instancias.

Os méritos están establecidos tendo en conta as funcións e tarefas que a persoa seleccionada terá que realizar habitualmente no seu posto de traballo.

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (30 puntos).

- Experiencia profesional como Auxiliar de Axuda no Fogar en concellos ou outras administracións públicas, ata un máximo de 20 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos.
- Experiencia profesional similar en empresas privadas, ata un máximo de 10 puntos. Valorarase a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos.

A xustificación deste apartado farase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. **(Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes).**

b) ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, directamente relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 10 puntos (non se valorarán obradoiros de emprego nin os cursos que dan acceso ó certificado de profesionalidade esixido).

Valorarase a razón de:

- Cursos de ata 49 horas: 1 punto por curso.
- Cursos de 50 a 100 horas: 2 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 3 puntos por curso

Dacordo co compromiso do concello de Barreiros coa Igualdade, valorarase con 0,5 puntos contar con formación en igualdade.

Este apartado xustificarse mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo.

3.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Consistirá nunha proba oral que se determinará polo tribunal, considerando ó/a aspirante apto/a ou non apto/a. Esta proba será obrigatoria para aquelas persoas que non podan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes (C2 ou iniciación ou superior), sempre e cando tiveran superada a fase de fase de oposición.

10º.- RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

O resultado final do concurso-oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, sempre que fose superada, e da puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais das persoas aspirantes, resolverase aplicando os seguintes criterios de forma alternativa e por esta orde:

- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a da convocatoria na administración convocante.
- A que obtivese unha maior puntuación na fase de oposición.
- Por sorteo.

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva das persoas aprobadas. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas ao das prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

11º.- CONTRATACIÓN.

A alcaldía procederá a acordar a formalización do contrato correspondente coas persoas seleccionadas.

12º.- BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL.

Constituirase unha bolsa de emprego cos/as aspirantes que superen o proceso selectivo pero que se queden sin praza, para posibles contratacións temporais relacionadas con este posto de traballo, é dicir, a bolsa de emprego unicamente servirá para cubrir posibles baixas médicas, vacacións, acumulacións de tarefas de ata 6 meses de duración ou outras causas legais de cobertura temporal da praza que puideran resultar necesarias nos dous anos seguintes á finalización do proceso de selección.

13º.- IMPUGNACIÓN

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos pola lei 39/2015.

TEMARIO

Tema 1. O concello de Barreiros. Poboación. Termo municipal.

Tema 2. Ordenanza do servizo de axuda no fogar do Concello de Barreiros e Plan de Igualdade do Concello de Barreiros.

Tema 3. Apoio domiciliario e alimentación.

Tema 4. Técnicas básicas de limpeza no fogar.

Tema 5. Riscos domésticos.

Tema 6. Aplicación de técnicas de hixiene e aseo da persoa dependente

Tema 7. Administración de medicación no domicilio

Tema 8. Mobilidade da persoa dependente e emprego de técnicas de mobilización.

Tema 9. Aplicacións de técnicas de seguranza e primeiros auxilios.

Tema 10. Atención e apoio psicosocial domiciliario.

MODELO DE SOLICITUDE**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.**

D. /D. ^a _____ con DNI _____,
con enderezo a efectos de notificación en _____
_____, teléfono _____; Número da seguridade Social _____;
correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiver coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - 1.- Fotocopia do DNI.
 - 2.- Fotocopia do carnet de conducir.
 - 3.- Fotocopia do título académico.
 - 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
 - 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos durante o prazo de presentación de instancias.

DECLARO baixo da miña responsabilidade:

- non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Barreiros, _____ de _____ de 2026

Sinatura: _____”

Barreiros, 9 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0048

O CORGO

Anuncio

O Sr. Alcalde, de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DE PERSOAL LABORAL FIXO.

ADMITIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO
GUNDIAN LOPEZ LUCIA	**3111**	EXENTA
CAIRO TOURIÑO DAMIAN	**9187**	EXENTO
LOPEZ PLATAS SHEYLA	**2785**	NO EXENTA
VAZQUEZ SOUSA IVAN	**5532**	EXENTO
LOJO CALDEIRO M ^a DEL PILAR	**8512**	NO EXENTA
LOPEZ RIO GEMMA	**3369**	EXENTA
CAPON MORENO SONIA	**3422**	EXENTA
MORADO CARBALLO DAKOTA	**5446**	EXENTA
CALOTO MOURIN SUSANA	**5364**	EXENTA
MELENDEZ FERRER ANDREINA CAROLINA	**2899**	NO EXENTA

EXCLUIDOS/AS:

NOME	DNI	MOTIVO
Patricia González Parajuá	**5421**	CANDIDATA QUE XA OCUPA UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PERSOAL LABORAL FIXO DESTE CONCELLO. (Resolución da Alcaldía do 14 de decembro de 2022 pola que se acorda formalizar contrato laboral indefinido con, entre outras, Patricia González Parajuá – Contrato formalizado o 19 de decembro de 2022)

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

O Corgo, 8 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 0042

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón LIXO NO RURAL XULLO – DECEMBRO/2025.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 06/01/2026 ata o 06/03/2026.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas costas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 2 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0043

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2026--0003 DO 8 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2026

BDNS(Identif.):880364

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/880364>)

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumplan as condicións previstas na convocatoria. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo, a través dun poder asinado por todos os participantes. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

Segundo. Obxecto

O obxecto dos premios a conceder a través da presente convocatoria é incentivar a participación cidadá no Desfile de Antroido de 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras da subvención obxecto desta convocatoria foron aprobadas a través da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove mediante acordo do Pleno de data 21 de abril de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 136 de 16 de xuño de 2025, podendo consultarse na Sede Electrónica a través do seguinte enlace: <https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia do N.I.F. do concursante ou proxenitor/a, titor/a ou representante legal, para o caso dos/as participantes menores de idade

2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.

- Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome da asociación e o seu CIF, o nome do grupo ocasional, así como tamén o nome, apelidos e N.I.F. do representante da asociación ou grupo.
- Poder ou autorización, asinado por todos os compoñentes, no que se nomee ao representante para actuar no nome do grupo (só no caso dos grupos ocasionais)
- Copia do N.I.F. do representante da asociación ou grupo
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina da Socióloga ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile.

Quinto.- Contía dos premios.

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 5.385,66 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2025).

Carrozas.

- 1º premio: 500 euros
- 2º premio: 350 euros
- 3º premio : 250 euros
- 4º premio: 250 euros
- 5º premio: 200 euros
- 6º premio: 200 euros

Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 250 euros
- 3º premio : 200 euros
- 4º premio: 200 euros
- 5º premio: 150 euros
- 6º premio: 150 euros

Grupos de adultos de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser maiores de 14 anos)

- 1º premio: 130 euros
- 2º premio: 100 euros
- 3º premio : 70 euros
- 4º premio: 70 euros
- 5º premio: 60 euros
- 6º premio: 60 euros

Grupos infantís de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser menores de 14 anos)

- 1º premio: 130 euros
- 2º premio: 100 euros
- 3º premio : 70 euros
- 4º premio: 70 euros

5º premio: 60 euros

6º premio: 60 euros

Parellas adultos

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

Parellas infantís

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio: 50 euros

4º premio: 50 euros

Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros

4º premio: 40 euros

Premio ao disfraz máis orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao participante máis xove: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30,00 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 617,28 euros; a do segundo, de 432,09 euros e a do terceiro e cuarto, 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 370,37 euros e a do segundo, 308,64 euros.

Xove, 8 de xaneiro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0044

COMUNIDADE DE AUGAS “LAMA DE FERRÓN”

Anuncio

COMUNIDADE DE AUGAS “LAMA DE FERRÓN” – Convocatoria de Asemblea Xeral

Comunícase a todos os usuarios da Comunidade de Augas “Lama de Ferrón” convocatoria a Asemblea Xeral o próximo 31 de xaneiro de 2026, no local social de Bolmente, ás 16:00h en primeira convocatoria e ás 16:30h en segunda, coa seguinte orde do día:

- Informe de obras do ano 2025
- Aprobación das contas do ano 2025

-
- Altas e baixas no censo de comuneiros
 - Presupostos para o ano 2026
 - Renovación da Xunta Reitora
 - Rogos e preguntas

Bolmente, 8 de xaneiro de 2026.- José Manuel Pérez.

R. 0045
